



SOLICITUDE DE USO DUN MOBLE PARA AS PERTENZAS

D. _____, alumno/a do Ies de Ortigueira, do curso _____ de _____ grupo _____

Expón:

Que acepta e comprométese a cumprir as seguintes normas.

- Manter en bo estado o material solicitado.
- Non perder tempo facendo uso do mesmo nos cambios de clase (uso únicamente nos periodos de lecer).
- Compartir o espazo cun compañeiro/a (terán cadansúa chave).
- Non pegar, pintar, nin persoalizar o seu armario, aínda que as modificacións se poidan eliminar.
- Deixar 10 euros por alumno en depósito (20 euros por MOBLE) como garantía para a reposición dos posibles desperfectos, ou a perda das chaves, que obriga ó cambio da pechadura. O depósito devolverase na derradeira semana do curso, trala devolución en bo estado do material.
- Non deixar as chaves estradas para evitar posibles roubos.

O obxectivo principal da colocación destes mobles no IES é o de evitar que o alumnado teña que trasportar un excesivo peso nas súas carteiras (libros, material de debuxo, etc). A dirección do IES DE ORTIGUEIRA non se responsabiliza das perdas de material que poidan ser consecuencia dos despistes ou da perda das chaves. Recoméndase non deixar nos mobles material de excesivo valor económico.

A dirección disporá dunha chave mestra que estará só en poder da persoa que ocupe o cargo de Secretario/a. Non se poderá solicitar a mesma, agás causas de forza maior. A dirección do centro resérvase o dereito de suprimir esta cesión a aquel alumnado que non cumpran con algunha destas normas.

Compartiréi o moble co alumno/a _____ do curso _____ grupo _____ . Devolverei as chaves á finalización do curso ____/____/____

D. _____ (pai, nai, titor) do alumno/a _____ declara ter lida a presente solicitude e aceptar as condicións que na mesma se expoñen.

Asdo:

(pai, nai, titor)

SR. DIRECTOR DO IES DE ORTIGUEIRA

(As dúas persoas solicitantes do moble persoal para as pertenzas entregarán ao Secretario do Centro cadanseu impreso cos 20 euros de depósito, no horario que este coloque na porta do seu despacho. Este asignará un número de moble. As chaves serán entregadas polo persoal de conserxaría ao día seguinte da presentación das solicitudes)